

## ID#744

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03  
**Informantes:** Generosa (40), Calviño (45) e Celestino (40)  
**Compiladora:** Dorothe Schubarth  
**Transcripción:** Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Calviño:

Arrímate, bailadora,  
arrímate que no pecas  
que el que baila y no se arrima  
es comer el pan a secas.

Baila que che toco eu  
ou has de rompe-las pernas  
ou has de bailar de seu.

O cura de Cuns  
disque ten unha criada,  
pos xaten setenta anos  
e non lle sirve pra nada.

Generosa:

Bota leña nese lar-e  
anque sea e pereira  
para lle quenta-las pernas  
ás trencas da Boghalleira.

Calviño:

Poden ser mozas  
di o fillo de meu pae  
porque trencas, mentes novas,  
creo que xa non as hai-e.

Generosa:

Ai no quero home pequeno,  
amighiño do tabaco  
qu' anda polo chan arrastro  
coma barrigha do sapo.

Ai non quero homes de Buño  
que os hai na miña terra,  
os de Buño son de barro,  
de barro fainos calquera.

Calviño:

Facer un home de barro  
é ser bo maruxandeiro  
indo non o fai calquera,  
fai falta ser bo oleiro.

## ID#744



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Generosa:

Non te cases cun oleiro  
que ten muito que lavar-e  
cásate cun mariñeiro  
que vén lavado do mar-e.

Calviño:

Eu mariñeiros n-os quero  
qu' eu nacín pra ser moi listo,  
mariñeiro nunc' o queiras,  
cheirache muit' ó marisco.